

1. Líder

BENVIDOS



Esta fin de semana o balón comezou a rodar nas categorías benxamín e prebenxamín. Os máis novos vestíronse de curto por primeira vez, enchendo de ilusión os terreos de xogo de toda a Provincia. A próxima xornada, co comezo da liga alevín, estará en marcha todo o fútbol base



3 2

LIGA GALEGA CADETE

Os puntos do derbi cadete volveron quedar en Frigsa

As dúas vitorias da Milagrosa esta tempada chegaron en senllos derbis disputados no Luis López Gorgoso. O pasado sábado os de Madriles impuxéronse por tres goles a dous ante un Viveiro que buscou o empate ata o asubío final

LIGA GALEGA XUVENIL

0 0

TÁBOAS ENTRE RESIDENCIA E VIVEIRO

Os dous equipos, principalmente o mariño, priorizaron non perder o derbi. Ambos chegaban á cita con dúbidas, e o punto é un balón de osixeno ata a próxima xornada

DIVISIÓN DE HONRA XUVENIL

0 0

SEGUNDO EMPATE CONSECUTIVO DO LUGO

Os de Jose Subirán empataron a cero na Cheda ante o Marina Sport, nun encontro con dominio de balón pero con moi poucas chegadas con claridade á área rival



O once inicial do Lugo coa camiseta de ánimo a Yago



David Guitián tras regatear a un xogador cántabro



Alex Gómez desfácendose dun xogador rival



David Guitián nun un para un no medio do campo

As áreas apenas tiveron incidencias

LUGO E MARINA SPORT empataron a cero nun encontro con dominio lucense de balón, pero sen apenas profundidade

O Marina Sport presentouse na Cheda coa clara e única intención de manter o cero a cero inicial ata o asubio final. Unha aposta que semellaba complicada, pero que o conxunto cántabro levou a cabo ao conseguir que o encontro transcorrese por onde máis lles interesaba.

A primeira parte foi moi plana, practicamente sen presenza nas áreas e con moi pouco ritmo de xogo polas continuas interrupcións.

No capítulo de ocasións tan só unha chegada de Ernesto ata a liña de fondo, que terminou en centro e remate de Gómez pegado ao poste, amagou con romper as táboas.

Ao Lugo faltoulle ritmo de balón, tivo a posesión pero no seu campo, lonxe das zonas de perigo ao longo de toda a primeira parte. No descanso Subirán intentou variar o rumbo do encontro e nos primeiros vinte minutos viuse un Lugo máis ver-



Árbitro: David Pereira, Xavier Rebolo e Iván Prado Campo: A Cheda

“TENEMOS QUE APRENDER Y SACAR CONCLUSIONES DE ESTE TIPO DE PARTIDOS PARA SEGUIR MEJORANDO” JUAN SUBIRÁN, CD Lugo

tical, aínda que sen mordente nos metros finais.

As ocasións foron máis claras que na primeira parte. Vila tivo un man a man no que reclamou penalti, pero o colexiado non estimou suficiente o forcexeo cun defensa rival para sinalar a pena máxima, e David Guitián, cun disparo que se foi fóra por pouco, dispuxeron das

dúas chegadas con máis perigo por parte do Lugo.

Ao final o Marina Sport, que apenas tivo presenza na área de Chanza, levou un punto da Cheda ante un Lugo que tampouco mereceu moito máis neste encontro.

Apoio a Yago

Os xogadores do CD Lugo saltaron ao terreo de xogo cunha camiseta de ánimo a Yago. O punta sarriao perderase o resto de tempada por unha lesión que se produxo ante o Real Avilés no xeonllo.

Próxima xornada

O Lugo repetirá como local a próxima xornada, a sétima da División de Honra xuvenil na que os de Juan Subirán reciben ao Rácing de Santander, que como todas as tempadas aspira a estar nos postos altos da máxima categoría do fútbol base.

1

APOIO A YAGO

O dianteiro sarriao recibiu as mostras de cariño dos seus compañeiros. Yago perderase o resto de tempada por unha lesión de xeonllo.

2

DEBUTS

Castrín, defensa central e Rodrigo, mediocentro, disputaron os seus primeiros minutos na máxima categoría do fútbol xuvenil.

3

BAIXAS

As xa coñecidas de Losada e Jesús Gabarre por sanción tras ser expulsados en Abegondo, uníuse Luis, con molestias físicas para disputar este encontro

1

LESIÓN

Eloy tivo que abandonar o terreo de xogo lesionado tras recibir unha entrada por detrás dun xogador do Marina Sport

8

PUNTOS en seis xornadas para o Lugo na División de Honra xuvenil tras gañar dous partidos: Calasanz e Rocés, empatar dous: Deportivo e Marina Sport e perder dous. Celta e Avilés



Alex Vila controlando o coiro de costas a un contrario



Os equipos saíndo ao terreo de xogo co trío arbitral antes do inicio do encontro que mediou ao Lugo co Marina Sport no Campo Municipal da Cheda



Anxo recuperando o balón ante un xogador do Choco



Anido, o mellor do encontro, desbordando pola banda



Gabri loitando por un balón dividido cun defensa rival

O Choco do lucense Alberto Suárez sae segundo do Roca

BOA VERSIÓN DO RÁCIING VILLALBÉS ante un claro aspirante ao ascenso á Liga Nacional xuvenil. Os de Cholas plantaron batalla e mereceron puntuar no global do encontro



Árbitro: Jesús López. Jorge Carballido e Fernando Díaz. Campo: Estadio Roca

"PARTIDO MUY COMPETIDO E IGUALADO EN EL QUE MERECEMOS UN MEJOR PREMIO ANTE UN GRAN RIVAL" CHOLAS - Rácing Club Villalbés

da man do adestrador lucense Alberto Suárez e saíu do Roca co segundo posto en solitario da clasificación, con 16 dos 18 puntos en xogo na súa conta.

Na primeira parte o fútbol directo acapara todo o protagonismo, con moitos centros laterais de ambos equipos pero escasos remates a porta. A ocasión máis clara do Villalbés naceu nunha acción entre Anido e Anxo que finalizou o medio centro cun remate lixeiramente

desviado. Ao descanso chegouse co cero a cero inicial e na segunda parte o Villalbés tivo máis presenza en ataque. López, cun remate no segundo pau ante o

que se luciu o porteiro visitante, e Anido cun disparo alto amagaron co un a cero antes de que chegasen a un erro defensivo. A partir de aí o Villalbés arriscou máis da conta e nunha contra o Choco sentenciou o encontro.

OS MELLORES RC VILLALBÉS

ANIDO	👤	👤	👤
LÓPEZ	👤	👤	
ANXO	👤		

Os puntos séguenselle resistindo ao Rácing Villalbés esta tempada no Roca, pese a que os de Cholas, con partidos como ante o

Choco, están facendo méritos para atopalos de tres en tres. O Choco presentouse como aspirante ao ascenso

A pegada do Deportivo B mermou ao Lugo B en Abegondo

O 3-0 AO INICIO DA SEGUNDA PARTE deixou sen opcións de puntuar aos de Brais Prados, que saíron con mellores sensacións do que indica o marcador final



Árbitro: Alexandre Represas. Ángel Acuña e Diego Ramírez. Campo: Abegondo. A Coruña

O Lugo B encaixou a segunda derrota da tempada o pasado venres en Abegondo ante o Deportivo B. Un partido no que os lucenses tiveron mellores sensacións do que indica o marcador final, pero no que se impuxo a pegada e sobre todo a maior necesidade de puntos coa que chegaban

os herculinos á cita. O Deportivo B empezou a tempada perdendo os tres primeiros encontros disputados e sen puntuar en casa ata esta xornada. A sangría xa empezaba a crear nerviosismo na Coruña, de aí que a cita aínda fose máis complicada para os de Brais Prados.



Rosón loitando por un balón dividido cun rival esta tempada

Pese a iso, o Lugo B saltou ao campo sen ningún complexo e intentou presionar en campo rival.

Os primeiros vinte minutos foron unha exhibición de intensidade por parte de ambos equipos ata que no ecuador da primeira parte a

fortuna aliouse cos herculinos tras un centro que se envenenou e terminou co balón no fondo das mallas.

A reacción do Lugo chegou cun córner que peiteou Asier no primeiro pau que Manu non chegou por pouco a rematar no segundo.

"PARTIDO DE MOITA ESIXENCIA ANTE UN GRAN RIVAL. CONTENTO POLO TRABALLO REALIZADO POLOS 16 XOGADORES QUE PARTICIPARON NESTE ENCONTRO"

BRAIS PRADOS - CD Lugo B

A pegada continuou sendo local e nunha perda de balón no centro do campo o Deportivo B levou o marcador ata o dous a cero ao descanso. Nada máis empezar a segunda parte, aos trinta segundos, chegou o tres a cero co que o Deportivo B puxo rumbo fixo cara aos tres puntos ante un Lugo B que pese a verse cun avultado marcador en contra non baixou os brazos.

Practicamente toda a segunda parte xogouse en campo do Deportivo B.

1 EX DO VIVEIRO NO DÉPOR
Pablo Martínez, ex xogador celeste, continúa a súa formación unha tempada máis no Deportivo da Coruña e foi titular na medular do cadro herculino

1 DEBUT NO ONCE INICIAL
Juan Carlos foi a principal novidade no once de Brais Prados en Abegondo, o xogador sarriao iniciou por primeira vez esta tempada o encontro de titular

e Manu, cun remate que tocou na escuadra, e Rey, á saída dun córner, disputaron das ocasións máis claras para recortar distancias.

Próxima xornada

O Lugo B volve xogar a domicilio a próxima xornada da Liga Nacional xuvenil, nesta ocasión os de Brais Prados visitan ao Rápido de Bouzas coa intención de volver á senda da vitoria ante un rival que se mantén invicto no que vai de tempada, tras asinar dúas vitorias e catro empates nos seis encontros disputados.

Residencia e Viveiro collen osíxeno no derbi

REPARTO DE PUNTOS NA CHEDA nun partido no que os capitalinos tiveron as mellores ocasións ante un rival que se presentou con moitas ausencias e lesións



Trasi golpeando o balón ante Conde. Juan e mirada de Adrián Vázquez

“DISPUTAMOS UN BO PARTIDO A NIVEL DEFENSIVO AO LONGO DOS NOVENTA MINUTOS” ADRIÁN VÁZQUEZ - SDC Residencia

“SUMAMOS UN PUNTO PARA CRECER COMO EQUIPO. TENEMOS QUE INTENTAR HACERLO BUENO LA PRÓXIMA JORNADA EN CASA” ANTONIO SERRANO - Viveiro CF

Residencia e Viveiro empataron a cero nun derbi no que os dous equipos priorizaron de saída non perder en lugar de buscar con descaro os tres puntos. Ambos chegaban á cita nunha situación delicada, polo que o punto foi un pacto de non agresión non escrito por parte de ambos.

Ben é certo que co paso dos minutos a Residencia, ao xogar en casa e ver inofensivo aos mariñaos en ataque, animouse un pouco máis e dispuxo das ocasións máis claras ata que, coa expulsión de Conde na recta final, o encontro camiñou con rumbo fixo cara ao reparto de puntos.

A Residencia, que viña de encaixar un doloroso seis a cero, fixose forte en defensa coa presenza de Pablo de la Iglesia no eixe central. A partir de aí empezaron a crecer ante un Viveiro armado en defensa con liña de tres centrais, pero moi mermaidos os de Antonio Serrano polas ausencias, sobre todo na segunda parte na que se tiveron que retirar por lesión Albert e Bruno.

Conde e Hernandez por ambas bandas foron a fonte de perigo local nunha primeira parte na que ata Pablo tivo que evitar o un a cero nun man a man ante Conde. Pola súa banda o Viveiro esperou en repliegue algunha contra que non chegou na primeira parte, na que as accións a balón parado foron as únicas armas para chegar con perigo ante Sanmi.

Tralo paso polos vestiarios mantivéronse os guións, aínda que a Residencia incrementou a

súa presenza en campo rival coa entrada de Roi e con balóns longos nos que Lis daba sensación de perigo.

Conde estrelou un balón no largueiro na ocasión máis clara para a Residencia, e un pase da morte de Diego ao que non chegou por pouco Alex foi a mellor para o Viveiro ao longo dos noventa minutos de xogo.

Ao final, reparto de puntos que é un mal menor para ambos equipos, xa que unha derrota de calquera equipo neste derbi, pese a ser aínda a sexta xornada de Liga, faría crecer a montaña de dúbidas.

Próxima xornada

A Residencia visitará ao Calasanz B na Coruña e o Viveiro recibirá no Marcos Gómez ao Rácing de Ferrol B.



Árbitro: Álvaro Valín. Alberto Blanco e Susana Gueimonde. Campo: Municipal A Cheda



O mariñao Ángel vaise por velocidade do branquiazul Adri



Roi e Boixet medindose tras un balón dividido na Cheda



Lis a piques de disparar a portaría ante Iván e Gómez nun lance do xogo na segunda parte do derbi Provincial

O Villalbés B tivo opcións de puntuar ata o desconto en Santa Isabel

O TRES A UN final chegou co tempo cumprido. Boa versión chairega



Árbitro: Iván Carrillo. Pablo Blanco e Iria García

“CONTENTO POLO BEN QUE COMPETIMOS ANTE UN RIVAL MOI COMPLICADO, LÁSTIMA DAS ACCIÓNS QUE NOS PENALIZAN AO TER ELES UNHA GRAN EFECTIVIDADE”

IVÁN LAMAS - Rácing Club Villalbés B

O Rácing Villalbés B competiu en Santa Isabel, ante un Compostela chamado a estar nos postos de ascenso á Liga Nacional, ata o tempo de desconto. Cando chegou a sentenza co tres a un final, momento no que os chairegos buscaban o empate a dous.

O Compostela empezou cun ritmo de xogo moi alto nos primeiros minutos nos que tivo varios achegamentos con perigo, pero pouco a pouco o Villalbés B foise asentando no terreo de xogo con Javi, que repetiu titularidade, ao mando das operacións no medio campo.

Ao descanso chegouse co cero a cero inicial e sería na segunda parte cando as áreas tiveron máis protagonismo. Aos sete minutos do segundo acto chegou o un a cero, tras un contragolpe. Sen marxe para a reacción, á hora de xogo, o Compostela ampliou a renda cun golazo de Óscar, o mellor xogador local, que puxo o balón na escuadra cun disparo desde fóra da área.

Lonxe de baixar os brazos, a partir de aí viuse ao mellor Villalbés B, que recortou distancias por medio de Buján, e Denis rozou o empate antes de que chegase a sentenza co 3-1 un final.

OS MELLORES

RESIDENCIA	VIVEIRO CF
LIS	GÓMEZ
DE LA IGLESIA	IVÁN
DANI	XOEL EIJO

OS MELLORES

VILLALBÉS B
JAVI
BUJÁN
GABRI

O Lugo non puido acabar coa imbatibilidade do Dépor

480

MINUTOS sen encaixar ningún gol acumula o Deportivo da Coruña na máxima categoría do fútbol cadete. Os herculinos suman por vitorias os seis encontros disputados nos que aínda se manteñen imbatidos.

OS HERCULINOS SUMAN POR VITORIAS E SEN ENCAIXAR GOL todos os encontros disputados esta tempada na División de Honra cadete

2

CAMBIOS NO ONCE Borja e Nodar volveron ao equipo inicial no que Dani Galán segue dando entrada a toda a plantilla neste inicio de competición na máxima categoría cadete



Árbitro: Francisco Javier Rodríguez. Alejandro Fontela e Andrés López. Campo: Abegondo



Nodar e Pablo tratan de frear a un rival nun encontro disputado na Cheda

O Lugo visitou Abegondo para medirse co Deportivo o pasado venres co ambicioso reto de asaltar o segundo posto da clasificación, de romper a racha triunfal dos herculinos e a imbatibilidade que manteñen trala disputa das seis primeiras xornadas nas que ningún equipo conseguiu facerlles un gol.

“A PASAR DEL RESULTADO FINAL EL EQUIPO DIO LA CARA EN TODO MOMENTO Y TENGO QUE DARLE LA ENHORABUENA POR ELLO” DANI GALÁN - CD Lugo

O Lugo tampouco foi capaz diso, pero plantou cara ao longo dos oitenta minutos e, pese á derrota final, os de Dani Galán

manteñen o terceiro posto na clasificación. O guión do encontro foi claro desde os primeiros minutos nos que o Deportivo fíxose co balón, pero en zonas ás que ao Lugo non lle importaba

que o tivese. Os lucenses, ben armados en defensa, esperaban a súa oportunidade á contra e con cero a cero no marcador estiveron a piques de adiantarse cun centro de Alesito que rematou Borja sen atopar

portería. Á media hora de xogo o Deportivo adiantouse no marcador, pero antes do descanso o Lugo tivo unha ocasión moi clara para o empate nunha contra en superioridade numérica

O Lugo B rescata un merecido empate no último minuto

AYMAN ASINOU O UN A UN tras aproveitar o rexeite dun disparo de Alesito nunha das últimas accións



Árbitro: Eduardo Roca, Diego Moscoso e Jorge López

“CONSEGUIMOS UN PUNTO EN EL TRAMO FINAL QUE ERA UN PREMIO JUSTO POR EL TRABAJO REALIZADO POR EL EQUIPO A LO LARGO DEL ENCUENTRO” ANTÓN MÉNDEZ - Lugo B

1º PUNTO A DOMICILIO O Lugo B, que suma pleno na casa, estreñou a conta a domicilio co empate a un ante o Ural en San Pedro de Visma

adiantáronse no marcador. Tralo descanso o Lugo B foi ambicioso, minimizou as perdas e tan concedeu unha ocasión na que Amin evitou o dous a cero sobre a liña de gol. Antón Méndez exprimiu as opcións dos lucenses cun cambio táctico, pasando a xogar con dous puntas. A insistencia do Lugo B tivo o seu merecido premio aínda que este se fíxo de rogar ata o último minuto de xogo, no que Alesito conectou un disparo desde a frontal da área e Ayman apareceu unha vez máis coa cana posta para enviar o balón ao fondo das mallas e darlle ao Lugo B un merecido punto na súa visita a San Pedro de Visma.

Próxima xornada Os de Antón Méndez reciben ao Bergantiños B antes de visitar á Milagrosa nun derbi que se xogará en Frigsa.

O Villalbés segue ao alza e chama ás portas da vitoria

SEGUNDO EMPATE CONSECUTIVO e o primeiro punto da tempada para os cheiregos a domicilio esta tempada



Árbitro: Jesús Piñero, Ana Álvarez e Paula González

“EL NIVEL DE COMPETITIVIDAD QUE MUESTRA EL EQUIPO DESDE LA PRIMERA JORNADA A HOY AUMENTÓ MUCHÍSIMO GRACIAS A LA ACTITUD DE LOS JUGADORES DURANTE LA SEMANA” JANDRO NOVOA - Villalbés

OS MELLORES RC VILLALBÉS
AMADO 2 1 1
ALBERTO 2 1 1
CRISTIAN 2 1 1

O Rácing Villalbés confirmou todas as expectativas que viña mostrando sobre a súa progresión á alza na Liga Galega cadete desde que comezou a tempada. Os de Jandro Novoa enlazaron dúas xornadas consecutivas puntuando tras empatar en Santiago

ante todo un aspirante ao ascenso. Un Compostela que terminou exasperado, como o seu adestrador, Iván Carril, ex futbolista profesional, que foi expulsado. Que o Villalbés corrixe erros volveu quedar claro en Santa Isabel, onde o Compostela adiantouse no

marcador aos dous minutos de xogo. Nas primeiras xornadas isto faría que os chairegos baixasen os brazos, pero nesta dinámica nin un rival como o Compostela puido evitar que os chairegos alzases o voo. Á media hora Martin puxo na área unha falta lateral que Cristian rematou ao fondo das mallas para irse ao descanso coas espadas en todo o alto. Na segunda parte o Compostela dominou, pero non fíxo ocasións ante Diego, que non tivo que intervir. Os composteláns empezáronse a desquiciar ao non poder meterlle man a un Rácing Villalbés que ata á contra púidose levar todo o botín en xogo de ter máis claridade no último pase. Amado, no centro do campo, e Alberto no lateral dereito onde se está consolidando, foron os mellores xogadores do encontro.



Marco presionando a Lucas na saída do balón



Borja atallando o penalti con un a cero no marcador



Miguel disparando a porteria nun lance do xogo

Os derbis seguen sendo de cor albivermella

A MILAGROSA VENCEU AO VIVEIRO pola mínima, coma xa fixeran os de Madriles ante o Rácing Villalbés fai quince días no Luis López Gorgoso de Friga

2

VITORIAS da Milagrosa nesta tempada, e ambas chegaron en Friga e en cadanseu derbi provincial ante Villalbés e Viveiro

0

PUNTOS do Viveiro a domicilio este curso tras perder ante o Montañeros e Ural na Coruña e coa Milagrosa en Friga

SDC MILAGROSA			VIVEIRO CF		
Goles: Rafa, Marco e Miguel			Goles: Pablo e Lucas		
MARIO	JUAN David	JAVI Bruno	LUCAS		
BRAIS	HUGO Adrián	HUGO Hugo Fustes	CARLOS		
BORJA Javi	LEO Nico	MARIO	ADRIÁN	PABLO	JORGE
VASCO Cris	MIGUEL	BOIXET		VEIGA	
GAEL	RAFA	MARCOS		DANI Thesome	

Árbitro: Jesús Adán Gallego. Anál Vázquez. Adrián Estraviz. Campo: Luis López Gorgoso

OS MELLORES	
MILAGROSA	VIVEIRO CF
MIGUEL	LUCAS
MARCO	PABLO
RAFA	ADRIÁN

A Milagrosa volveu impoñerse nun derbi provincial disputado esta tempada en Friga. Fai quince días os de Madriles fixérono ante o Rácing Villalbés por un gol a cero, e o sábado ante o Viveiro por tres goles a dous.

A posta en escena foi máis intensa por parte dos capitalinos e froito diso Marco, que debutou en partido oficial coa camiseta da Milagrosa, e Rafa dispuxeron das primeiras chegadas con perigo, antes de que ao fio do cuarto de hora inicial Rafa acadara de novo a súa cita co gol para inaugurar o marcador.

O un a cero fixo que a Milagrosa se acomodase á vez que o Viveiro empezou a ter máis presenza en campo rival. Boixet foi derrubado dentro da área e o colexiado sinalou o punto de penalti. Hugo asumiu a responsabilidade, pero

Borja gañoulle a partida detendo a pena máxima. Con todo, a insistencia do Viveiro tivo recompensa antes do descanso co empate a un que asinou Pablo, que volvía ao once inicial de Sergio Iglesias tras cumprir un partido de sanción, empatou cun disparo desde a frontal da área ao aproveitar un rexeite logo dun saque de esquina.

Ao comezo da segunda parte os dous equipos buscaron o gol. O partido rompeuse máis e a Milagrosa sacou proveito diso. Marco estreou a súa conta de goles coa Milagrosa e a partir de aí o Viveiro foise con máis corazón que cabeza a polo empate, deixando moitos espazos atrás que aproveitou a Milagrosa para ampliar a vantaxe ata o tres a un que subiu ao marcador Miguel, o mellor xogador do encontro.

Con vinte minutos por diante o Viveiro, lonxe de baixar os brazos, meteuse de novo na loita polos puntos ao recortar distancias

"EN LÍNEAS GENERALES CREO QUE LLEVAMOS EL PESO DEL JUEGO Y TUVIMOS EL DOMINIO DEL ENCUENTRO" MADRILES - SDC Milagrosa

"MI EQUIPO NUNCA LE PERDIÓ LA CARA AL ENCUENTRO, PERO LOS PUNTOS SE LOS QUEDÓ EL CONJUNTO QUE TUVO MÁS ACIERTO"

SERGIO IGLESIAS - Viveiro FC

Lucas tras unha xogada persoal por banda que definiu cun disparo cruzado.

Nos últimos instantes, de novo Lucas, nesta ocasión cun lanzamento de falta, acariñou o empate a tres, pero o balón estrelouse no largueiro. Ao final, a Milagrosa resistiu en pé e quedouse cos tres puntos en xogo no derbi da xornada na Liga Galega cadete.

Próxima xornada

O Viveiro recibirá no Marcos Gómez ao Imperator da Coruña coa intención de volver á senda dos puntos e a Milagrosa visitará a Calasanz B antes de recibir ao Lugo B no que será o terceiro derbi provincial que se dispute de forma consecutiva no Luis López Gorgoso de Friga esta tempada.



Lucas anticipándose a Juan nun balón dividido

1

DEBUT DE MARCO O punta que procede do CD Lugo disputou os seus primeiros minutos coa camiseta da Milagrosa asinando tamén o seu primeiro gol

6

PUNTOS EN FRIGA dos sete que suma a Milagrosa nos primeiros seis encontros de Liga. Os de Madriles a domicilio tan só empataron ante o San Tirso B

1

AUSENCIA E UNHA VOLTA no Viveiro. Mendaña perdeuse por sanción o derbi e Pablo Alonso volveu tras un partido de sanción



O albivermello Rafa co coiro pola banda seguido de Dani



Pablo Alonso e Leo tras un balón dividido en medio campo



O celeste Javi recibe un balón presionado por Mario

Nova remontada do Viveiro na segunda parte

ADRIÁN ASINOU O DEFINITIVO 2-3 nun encontro no que os de Fidi perdían por 2-0 antes de que se disputasen os primeiros dez minutos de xogo



Árbitro: Marcos Bravo, Claudio Castro e Sergio Lorenzo. Campo: Anxo Fieiteira

Segunda vitoria consecutiva do Viveiro a domicilio e segunda remontada na segunda parte tras chegar ao descanso perdendo. Na anterior saída os celestes remontaron ante o Ural, que chegou con dous a un ao descanso e nesta xornada ante o Sálvora, que chegou mandando no marcador por dous goles a cero.

O talón de Aquiles dos de Fidi segue sendo entrar con

intensidade aos partidos e ante o Sálvora volveu quedar demostrado, xa malia que Xoel Ferro estreou un balón no poste con cero a cero no marcador, aos seis minutos o Sálvora inaugurou o marcador tras unha perda de balón en zona de creación, e sen practicamente tempo para asimilalo chegou o dous a cero, nesta ocasión tras unha acción de saque de banda longo

"ESTOY CONTENTO POR LA VICTORIA, QUE ES MUY IMPORTANTE, PERO TENEMOS QUE MEJORAR, SOBRE TODO CON BALÓN" FIDI - Viveiro SD

dos locais no que tras unha disputa na área o colexiado sinalou o punto de penalti.

Dous a cero no marcador aos dez minutos de xogo, un resultado que poñía costa arriba o encontro.

Sen chegar a xogar do todo ben nin atoparse cómodos con balón, o Viveiro dispuxo de ocasións para recortar distancias antes do descanso, sendo as máis claras un novo remate ao poste de Xoel Ferro e dous goles anulados á dupla atacante do Viveiro nos primeiros corenta minutos.

No descanso Fidi variou o guiño do encontro, cambiou o debuxo táctico pasando dun 4-4-2 a un 3-5-2 co que acumulou máis xogadores no mediocampo e

apostou por un fútbol máis directo.

O plan saíu á perfección xa que aos seis minutos da segunda parte, un balón longo ás costas da defensa foi un caramelo para Xoel Ferro, aínda que o seu remate despeixouno o porteiro e sería Samu o que enviara o balón ao fondo das mallas para meter de cheo no partido ao Viveiro.

No medio do monólogo celeste, unha parede entre Adri e Samuel terminou cunha falta. Xoel Pigueiras tomou a responsabilidade e empatou o partido cun gran lanzamento.

O Viveiro non se conformou e buscou os tres puntos obtendo a recompensa case sobre a bucina.

OS MELLORES

SD VIVEIRO

ADRIÁN

XOEL F.

SAMUEL



Adrián, autor do gol de vitoria, levándose o balón ca cabeza

Adrián, o mellor xogador do encontro, aproveitou un pase de Mateo para enviar o balón ao fondo das mallas tras varios rexeites na área local establecendo

o definitivo dous a tres e dándolle tres puntos de ouro a un Viveiro que se afai a gañar e a facelo tras remontar fóra de casa nas segundas partes.

A intensidade do Ural privou ao Lugo do podio

O FÚTBOL DIRECTO DOS HERCULINOS complicoulle as cousas aos de Jony, que de gañar rematarían a xornada no terceiro posto da Liga Galega infantil



O central albivermello, Alex, nun encontro na casa



Árbitro: Juan Núñez, Jose Ramudo e Martín Valiño. Campo: Leyma, A Coruña

O Lugo presentouse onte pola mañá no Campo Municipal de Leyma, na Coruña, coñecendo gran parte dos resultados desta xornada. Uns resultados que abrían a porta a terminar a sexta xornada no terceiro posto da clasificación, con todo

os lucenses atopáronse cun Ural moi intenso que lles espertou moi pronto do soño do podio da clasificación.

Desde os primeiros minutos o Ural tivo as ideas moi claras, pressionando en campo rival e cada vez que tiñan o

"ESTE EQUIPO PASE O QUE PASE NON BAIXA NUNCA OS BRAZOS. AGORA TEMOS OUTRA SEMANA POR DIANTE PARA SEGUIR TRABALLANDO E MELLORANDO"

JONY - CD Lugo

balón buscaban rápido á súa referencia ofensiva e ían con moita intensidade ás segundas xogadas para ter protagonismo.

No ecuador da primeira parte chegou o un a cero tras un centro lateral, e sen tempo para repoñerse, o Ural fixo o dous a cero, nesta ocasión tras un rexeite logo dun saque de esquina.

O Lugo intentou coller aire no tramo final da primeira parte e conseguiu, dispoñendo por

5

EQUIPOS EN UN PUNTO Atascos na zona noble da clasificación na que Victoria, Xuventude Oroso, Ural, Conxo Santiago e Lugo están en tan só un punto de diferenza

medio de Dani e Jose das primeiras chegadas con lixeiro perigo.



No descanso Jony intentou cambiar o rumbo do encontro, pero nada máis empezar a segunda parte, aos dous minutos, o Ural sentenciou o encontro co tres a un ao culminar unha contra.

André maquillou un pouco o resultado tras unha acción individual, pero o Ural non deixou ao Lugo nin soñar coa remontada ao sentenciar o encontro definitivamente cunha nova contra letal que supuxo o catro a un con pouco máis dun cuarto de hora por diante.

Próxima xornada

O Club Deportivo Lugo recibirá ao Bertamiráns, segundo clasificado, nas Gándaras, nun duelo de altura na Liga Galega infantil.

CLASIFICACIÓN DOS MELLORES EN REGULARIDADE E GOLES

Trofeo Jorge Tato XUVENIL SUPERIORES			Regularidade XUVENIL SUPERIORES			 Pichichi CADETE SUPERIORES			Regularidade CADETE SUPERIORES			 Pichichi INFANTIL SUPERIORES			Regularidade INFANTIL SUPERIORES		
Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.	Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.	Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.
DAVID	RC Villalbés	5	LÓPEZ	RC Villalbés	10	AYMAN	CD Lugo B	4	MIGUEL	Milagrosa	12	XOEL F.	Viveiro CF	5	XOEL FERRO	Viveiro CF	8
SCHUSTER	CD Lugo	4	DIEGO	Viveiro CF	7	LOMBA	CD Lugo	3	ADRIÁN	Viveiro CF	8	JOSE	CD Lugo	3	MATEO	Viveiro CF	4
XOEL EIJO	Viveiro CF	4	GABRI	RC Villalbés B	6	BORJA	CD Lugo B	3	MARTÍN	RC Villalbés	6	ANDRÉ	CD Lugo	3	JAVI B.	Viveiro CF	3
MANU	CD Lugo B	3	IAGO	RC Villalbés B	6	CRISTIAN	RC Villalbés	3	DAVID	Viveiro CF	6	ADRI	Viveiro CF	3	ÁLVARO	Viveiro CF	3
GABRI	RC Villalbés B	3	GARCIA	Residencia	6	LUIS	CD Lugo	1	HUGO	Viveiro CF	6	DIEGO	CD Lugo	2	ADRI	Viveiro CF	2
GABARRE	CD Lugo	2	DAVID	RC Villalbés	5	MANEL	CD Lugo	1	HUGO	RC Villalbés	5	DANI	CD Lugo	2	RAFA	Viveiro CF	1
GÓMEZ	CD Lugo	2	ROI	Residencia	5	HUGO	CD Lugo	1	DIEGO	RC Villalbés	5	SAMUEL	Viveiro CF	2	DAVID DIAZ	Viveiro CF	1
YAGO	CD Lugo	1	SPEEDY	RC Villalbés	4	BUIDE	CD Lugo B	1	AMADO	RC Villalbés	5	XAVI I.	CD Lugo	1	SAMUEL	Viveiro CF	1
MARTÍN	CD Lugo	1	JAVI	RC Villalbés B	4	MANUEL	CD Lugo B	1	LUCAS	Viveiro CF	5	RAÚL V.	CD Lugo	1	-	-	-
ÓSCAR	CD Lugo	1	CONDE	Residencia	4	DIEGO	Milagrosa	1	DIEGO	Milagrosa	4	BRUNO	CD Lugo	1	-	-	-
DAMIÁN	CD Lugo	1	LIS	Residencia	4	RAFA	Milagrosa	1	RAFA	Milagrosa	4	PEPE	CD Lugo	1	-	-	-
ROSÓN	CD Lugo B	1	GÓMEZ	Viveiro CF	4	CABARCOS	Milagrosa	1	ALBERTO	RC Villalbés	4	DAVID DIAZ	Viveiro CF	1	-	-	-
ASIER	CD Lugo B	1	XAIRO	RC Villalbés	3	CARLOS	RC Villalbés	1	BUIDE	CD Lugo B	3	XOEL P.	Viveiro CF	1	-	-	-
SAMU	CD Lugo B	1	ANXO	RC Villalbés	3	ÓSCAR	RC Villalbés	1	JUAN	Milagrosa	3	-	-	-	-	-	-
RODRIGO	CD Lugo B	1	MIGUEL	RC Villalbés B	3	CADRA	RC Villalbés B	1	LUCA	Viveiro CF	3	-	-	-	-	-	-
JAVI	CD Lugo B	1	NOEL	RC Villalbés B	3	IAGO	RC Villalbés B	1	MANU F.	CD Lugo B	2	-	-	-	-	-	-
HERRERO	CD Lugo B	1	YOEL	Residencia	3	ADRIÁN	Viveiro CF	1	JUAN	Milagrosa	2	-	-	-	-	-	-
BRIAN	CD Lugo B	1	JUAN	Viveiro CF	3	MENDAÑA	Viveiro CF	1	CARLOS	RC Villalbés	2	-	-	-	-	-	-
GABRI	RC Villalbés	1	ANIDO	RC Villalbés	3	HUGO	Viveiro CF	1	ÁLEX G.	RC Villalbés	2	-	-	-	-	-	-
MARTÍN	RC Villalbés	1	GABRI	RC Villalbés	2	JAVI	Viveiro CF	1	MARTÍN	RC Villalbés	2	-	-	-	-	-	-
MARÍN	RC Villalbés	1	NICO	RC Villalbés	2	MIGUEL	Milagrosa	1	MARCOS	Viveiro CF	2	-	-	-	-	-	-
SPEEDY	RC Villalbés	1	BUJÁN	RC Villalbés	2	MARCO	Milagrosa	1	MARCO	Milagrosa	2	-	-	-	-	-	-
ABEL	RC Villalbés	1	ASIER	RC Villalbés	2	PABLO	Viveiro CF	1	ROSON	CD Lugo B	1	-	-	-	-	-	-
ABEL	RC Villalbés B	1	PEDRO	RC Villalbés B	2	LUCAS	Viveiro CF	1	CRISTIAN	Milagrosa	1	-	-	-	-	-	-
YAGO	Residencia	1	LÓPEZ	RC Villalbés B	2	-	-	-	HUGO	Milagrosa	1	-	-	-	-	-	-
CONDE	Residencia	1	DANI	RC Villalbés B	2	-	-	-	MIGUEL	Milagrosa	1	-	-	-	-	-	-
FONSECA	Residencia	1	CABADO	RC Villalbés B	2	-	-	-	JAVI	RC Villalbés	1	-	-	-	-	-	-
IVÁN	Residencia	1	IAGO	Residencia	2	-	-	-	MARIO	RC Villalbés	1	-	-	-	-	-	-
TRASI	Viveiro CF	1	DE LA IGLESIA	Residencia	2	-	-	-	NOEL	RC Villalbés	1	-	-	-	-	-	-
BORJA	Viveiro CF	1	BUJÁN	RC Villalbés B	2	-	-	-	PABLO	Viveiro CF	1	-	-	-	-	-	-
JORGE	Viveiro CF	1	IVÁN	Viveiro CF	2	-	-	-	VEIGA	Viveiro CF	1	-	-	-	-	-	-
JUAN	Viveiro CF	1	MARTÍN	RC Villalbés	1	-	-	-	MARTÍN	Viveiro CF	1	-	-	-	-	-	-
BUJÁN	RC Villalbés B	1	-	-	-	-	-	-	CRISTIAN	RC Villalbés	1	-	-	-	-	-	-

REUNIÓN CON DELEGADOS DE CLUBS

ACTAS ARBITRAIS

.....

TIPOLOXÍA E FUNCIÓNS DOS DELEGADOS

.....

FUNCIÓNS PRE-PARTIDO E FUNCIÓNS PARTIDO

.....

OUTROS TEMAS



REAL FEDERACIÓN
GALEGA DE FÚTBOL

HOXE EN LUGO A PARTIR DAS 20:00 HORAS
NA DELEGACIÓN DA FEDERACIÓN EN LUGO

Os máis novos entran en escea

ESTA FIN DE SEMANA DEBUTOU A CATEGORÍA PREBENXAMÍN na que moitos nenos e nenas disputaron por primeira vez un encontro de fútbol

Fin de semana de grandes emocións. A categoría prebenxamín botou a andar e con iso moitos nenos e pícaras disputaron os seus primeiros encontros de fútbol ao aire libre. Tan só catro partidos, pero nos que a ilusión foi a tónica dominante en cada un deles.

O bo tempo acompañou, pero a partir de agora e cando boten a andar todos os grupos, as xornadas de frío e choiva poñerán a proba a ilusión dos máis pequenos e dos seus acompañantes.

A categoría prebenxamín

está dividida nesta primeira fase en catro grupos nos que compiten 26 equipos.

Os dous primeiros clasificados de cada grupo terán unha praza asegurada no Provincial prebenxamín do que sairá o campión provincial e os dous representantes lucenses para o Campionato Galego.

Ao Provincial tan só poderá acudir un equipo por club, polo que si algún equipo B métese entre os dous primeiros e tamén o fai un A, pasaría a clasificarse o terceiro ou cuarto equipo se fose necesario.

4

PARTIDOS DISPUTADOS
os primeiros grupos en comezar a tempada foron o de Primeira Norte e o Sur B. Seis encontros estaban previstos para esta primeira xornada na que se aprazaron dous, o Villalbés B - Santiago de Foz no Grupo Norte e o Polvorín A - Monterroso do Grupo Sur B



Os xogadores da Ferroviaria B saúdan ao árbitro antes do encontro

CALENDARIO PREBENXAMÍN PRIMEIRA PROVINCIAL GRUPO NORTE

XORNADA 1 13 OUTUBRO 2019		XORNADA 2 20 OUTUBRO 2019		XORNADA 3 27 OUTUBRO 2019		XORNADA 4 3 NOVEMBRO 2019		XORNADA 5 10 NOVEMBRO 2019	
BURELA A	RIBADEO A	RIBADEO A	VILLALBÉS A	RIBADEO A	STGO. FOZ	VILLALBÉS A	STGO. FOZ	STGO. FOZ	BURELA B
VILLALBÉS B	STGO. FOZ	STGO. FOZ	BURELA A	BURELA A	BURELA B	BURELA B	RIBADEO A	RIBADEO A	VILLALBÉS B
VILLALBÉS A	BURELA B	BURELA B	VILLALBÉS B	VILLALBÉS A	VILLALBÉS B	VILLALBÉS B	BURELA A	BURELA A	VILLALBÉS A

XORNADA 6 17 NOVEMBRO 2019		XORNADA 7 24 NOVEMBRO 2019		XORNADA 8 1 DECEMBRO 2019		XORNADA 9 15 DECEMBRO 2019		XORNADA 10 22 DECEMBRO 2019	
RIBADEO A	BURELA A	VILLALBÉS A	RIBADEO A	STGO. FOZ	RIBADEO A	STGO. FOZ	VILLALBÉS A	BURELA B	STGO. FOZ
STGO. FOZ	VILLALBÉS B	BURELA A	STGO. FOZ	BURELA B	BURELA A	RIBADEO A	BURELA B	VILLALBÉS B	RIBADEO A
BURELA B	VILLALBÉS A	VILLALBÉS B	BURELA B	VILLALBÉS B	VILLALBÉS A	BURELA A	VILLALBÉS B	VILLALBÉS A	BURELA A

CALENDARIO PREBENXAMÍN PRIMEIRA PROVINCIAL GRUPO SUR A

XORNADA 1 20 OUTUBRO 2019		XORNADA 2 27 OUTUBRO 2019		XORNADA 3 10 NOVEMBRO 2019		XORNADA 4 17 NOVEMBRO 2019		XORNADA 5 24 NOVEMBRO 2019		XORNADA 6 1 DECEMBRO 2019		XORNADA 7 15 DECEMBRO 2019	
CP CASÁS	FERROVIARIA	CP LUCENSE	SAGRADO	FERROVIARIA	CD CORGO	PIRINGALLA C	FERROVIARIA	CD CORGO	PIRINGALLA C	CP LUCENSE	CD CORGO	PIRINGALLA C	CP LUCENSE
AT. ABUÍN	CD CORGO	CD CORGO	CP CASÁS	CP CASÁS	PIRINGALLA C	CP LUCENSE	CP CASÁS	FERROVIARIA	CP LUCENSE	AT. ABUÍN	CP CASÁS	CD CORGO	SAGRADO
SAGRADO	PIRINGALLA C	PIRINGALLA C	AT. ABUÍN	AT. ABUÍN	CP LUCENSE	SAGRADO	AT. ABUÍN	CP CASÁS	SAGRADO	SAGRADO	FERROVIARIA	FERROVIARIA	AT. ABUÍN
Descansa	CP LUCENSE	Descansa	FERROVIARIA	Descansa	SAGRADO	Descansa	CD CORGO	Descansa	AT. ABUÍN	Descansa	PIRINGALLA C	Descansa	CP CASÁS

CALENDARIO PREBENXAMÍN PRIMEIRA PROVINCIAL GRUPO SUR B

XORNADA 1 13 OUTUBRO 2019		XORNADA 2 20 OUTUBRO 2019		XORNADA 3 27 OUTUBRO 2019		XORNADA 4 3 NOVEMBRO 2019		XORNADA 5 10 NOVEMBRO 2019	
CD LUGO A	FERROVIARIA B	FERROVIARIA B	EF POLVORÍN A	FERROVIARIA B	PIRINGALLA A	EF POLVORÍN A	PIRINGALLA A	PIRINGALLA A	MONTERROSO
MILAGROSA B	PIRINGALLA A	PIRINGALLA A	CD LUGO A	CD LUGO A	MONTERROSO	MONTERROSO	FERROVIARIA B	FERROVIARIA B	MILAGROSA B
EF POLVORÍN A	MONTERROSO	MONTERROSO	MILAGROSA B	EF POLVORÍN A	MILAGROSA B	MILAGROSA B	CD LUGO A	CD LUGO A	EF POLVORÍN A

XORNADA 6 17 NOVEMBRO 2019		XORNADA 7 24 NOVEMBRO 2019		XORNADA 8 1 DECEMBRO 2019		XORNADA 9 15 DECEMBRO 2019		XORNADA 10 22 DECEMBRO 2019	
FERROVIARIA B	CD LUGO A	EF POLVORÍN A	FERROVIARIA B	PIRINGALLA A	FERROVIARIA B	PIRINGALLA A	EF POLVORÍN A	MONTERROSO	PIRINGALLA A
PIRINGALLA A	MILAGROSA B	CD LUGO A	PIRINGALLA A	MONTERROSO	CD LUGO A	FERROVIARIA B	MONTERROSO	MILAGROSA B	FERROVIARIA B
MONTERROSO	EF POLVORÍN A	MILAGROSA B	MONTERROSO	MILAGROSA B	EF POLVORÍN A	CD LUGO A	MILAGROSA B	EF POLVORÍN A	CD LUGO A

CALENDARIO PREBENXAMÍN PRIMEIRA PROVINCIAL GRUPO SUR C

XORNADA 1 20 OUTUBRO 2019		XORNADA 2 27 OUTUBRO 2019		XORNADA 3 10 NOVEMBRO 2019		XORNADA 4 17 NOVEMBRO 2019		XORNADA 5 24 NOVEMBRO 2019		XORNADA 6 1 DECEMBRO 2019		XORNADA 7 15 DECEMBRO 2019	
RESIDENCIA	POLVORÍN B	SARRIANA	RESIDENCIA	POLVORÍN B	SARRIANA	MILAGROSA A	RESIDENCIA	POLVORÍN B	MILAGROSA A	MILAGROSA A	SARRIANA	SARRIANA	CD LUGO B
PIRINGALLA B	SARRIANA	MILAGROSA A	CD LUGO B	PIRINGALLA B	MILAGROSA A	CD LUGO B	PIRINGALLA B	RESIDENCIA	CD LUGO B	CD LUGO B	POLVORÍN B	POLVORÍN B	PIRINGALLA B
Descansa	MILAGROSA	Descansa	POLVORÍN B	Descansa	CD LUGO B	Descansa	SARRIANA	Descansa	PIRINGALLA B	PIRINGALLA B	RESIDENCIA	Descansa	RESIDENCIA

CLASIFICACIONES PREBENXAMÍN PRIMEIRA PROVINCIAL

PREBENXAMÍN 1º NORTE	
RESULTADOS	
Burela A – Ribadeo A	4-1
Villalbés B – Stgo. Foz	Apr.
Villalbés A – Burela B	11-0

CLASIFICACIONES	
Equipo	Pts. X G E P
RACING C. VILLALBES "A"	3 1 1 0 0
SD PORTO BURELA "A"	3 1 1 0 0
AD SANTIAGO DE FOZ	0 0 0 0 0
RACING C. VILLALBES "B"	0 0 0 0 0
S.D. RIBADEO "A"	0 1 0 0 1
SD PORTO BURELA "B"	0 1 0 0 1
	0 0 0 0 0

PRÓXIMA XORNADA	
Ribadeo A – Villalbés A	Burela B – Villalbés B
Stgo Foz – Burela A	

PREBENXAMÍN 1º SUR A	
RESULTADOS	
CP Casás – Ferroviaria A	---
At. Abuíñ – CD Corgo	---
Sagrado – Piringalla C	---

CLASIFICACIONES	
Equipo	Pts. X G E P
CP CASAS	0 0 0 0 0
FERROVIARIA A	0 0 0 0 0
AT. ABUÍN	0 0 0 0 0
CD CORGO	0 0 0 0 0
SAGRADO CORAZÓN	0 0 0 0 0
PIRINGALLA C	0 0 0 0 0
CP LUCENSE	0 0 0 0 0

PRÓXIMA XORNADA	
CD Corgo – CP Casás	CP Lucense – Sagrado
Piringalla C – At. Abuíñ	

PREBENXAMÍN 1º SUR B	
RESULTADOS	
CD Lugo A – Ferroviaria B	12-0
Milagrosa B – Piringalla A	1-13
Polvorin A – Monterroso	Apr.

CLASIFICACIONES	
Equipo	Pts. X G E P
A.D.C. A PIRINGALLA "A"	3 1 1 0 0
C.D. LUGO S.A.D. "A"	3 1 1 0 0
EF POLVORIN "A"	0 0 0 0 0
MONTERROSO S.D.	0 0 0 0 0
S.C.D. MILAGROSA "B"	0 1 0 0 1
A.D. FERROVIARIA "B"	0 1 0 0 1

PRÓXIMA XORNADA	
Ferroviaria B – Polvorin A	Monterroso – Milagrosa B
Piringalla A – CD Lugo A	

PREBENXAMÍN 1º SUR C	
RESULTADOS	
Residencia – Polvorin B	---
Piringalla B – SD Sarriana	---

CLASIFICACIONES	
Equipo	Pts. X G E P
SD RESIDENCIA	0 0 0 0 0
EF POLVORIN B	0 0 0 0 0
PIRINGALLA B	0 0 0 0 0
SD SARRIANA	0 0 0 0 0
CD LUGO B	0 0 0 0 0
SCD MILAGROSA A	0 0 0 0 0

PRÓXIMA XORNADA	
Sarriana – Residencia	Milagrosa A – CD Lugo B



Mateo vaise co esférico tras superar a Gael



Varios xogadores do Lugo celebrando un gol

AD FERROVIARIA B
 PREBENXAMÍN PRIMEIRA PROVINCIAL GRUPO SUR B

12 xogadores en total

 1º equipación

PLANTILLA



Gio a piques de disparar ante Marcos, da Ferro B

HÉCTOR	UNAI	THIAGO
MAURO	MATEO	MARCOS
JORGE	IVÁN	ENZO
DIEGO	ANDRÉS	ÁLEX



Thiago anticipándose a Nacho nun lance do xogo



Marcos trata de zafarse da presión de Hugo



O albivermello Thiago seguido de Andrés



Yoel coa pelota defendido por Marcos e Enzo

CADA LUNS TODA A INFORMACIÓN DO FÚTBOL BASE LUCENSE

6 grupos benxamín provinciais

OS CATRO PRIMEIROS CLASIFICADOS DE PRIMEIRA NORTE E SUR disputarán o Provincial e optarán ás dúas prazas que ten o fútbol lucense para o Campionato Galego benxamín

CALENDARIO BENXAMÍN PRIMEIRA PROVINCIAL GRUPO NORTE

XORNADA 1 20 OUTUBRO 2019		XORNADA 2 27 OUTUBRO 2019		XORNADA 3 10 NOVEMBRO 2019		XORNADA 4 17 NOVEMBRO 2019		XORNADA 5 24 NOVEMBRO 2019		XORNADA 6 1 DECEMBRO 2019		XORNADA 7 15 DECEMBRO 2019	
CD LUGO A	BURELA A	VIVEIRO A	CD LUGO A	BURELA A	VIVEIRO A	RIBADEO A	BURELA A	VIVEIRO A	RIBADEO A	VILLALBÉS A	VIVEIRO A	RIBADEO A	VILLALBÉS A
XOVE LAGO	VIVEIRO A	RIBADEO A	XOVE LAGO	CD LUGO A	RIBADEO A	VILLALBÉS A	CD LUGO A	BURELA A	VILLALBÉS A	STGO. FOZ	BURELA A	VIVEIRO A	STGO. FOZ
STGO. FOZ	RIBADEO A	VILLALBÉS A	STGO. FOZ	XOVE LAGO	VILLALBÉS A	STGO. FOZ	XOVE LAGO	CD LUGO A	STGO. FOZ	XOVE LAGO	CD LUGO A	BURELA A	XOVE LAGO
Descansa	VILLALBÉS A	Descansa	BURELA A	Descansa	STGO. FOZ	Descansa	VIVEIRO A	Descansa	XOVE LAGO	Descansa	RIBADEO A	Descansa	CD LUGO A

CALENDARIO BENXAMÍN PRIMEIRA PROVINCIAL GRUPO SUR

XORNADA 1 13 OUTUBRO 2019		XORNADA 2 20 OUTUBRO 2019		XORNADA 3 27 OUTUBRO 2019		XORNADA 4 3 NOVEMBRO 2019		XORNADA 5 10 NOVEMBRO 2019	
RESIDENCIA A	MILAGROSA A	MILAGROSA A	CD LUGO B	MILAGROSA A	CP LUCENSE A	CD LUGO B	CP LUCENSE A	CP LUCENSE A	EF POLVORÍN A
PIRINGALLA A	CP LUCENSE A	CP LUCENSE A	SD RESIDENCIA	SD RESIDENCIA	EF POLVORÍN A	EF POLVORÍN A	MILAGROSA A	MILAGROSA A	PIRINGALLA A
CD LUGO B	EF POLVORÍN A	EF POLVORÍN A	PIRINGALLA A	CD LUGO B	PIRINGALLA A	PIRINGALLA A	SD RESIDENCIA	SD RESIDENCIA	CD LUGO B

XORNADA 6 17 NOVEMBRO 2019		XORNADA 7 24 NOVEMBRO 2019		XORNADA 8 1 DECEMBRO 2019		XORNADA 9 15 DECEMBRO 2019		XORNADA 10 22 DECEMBRO 2019	
MILAGROSA A	SD RESIDENCIA	CD LUGO B	MILAGROSA A	CP LUCENSE A	MILAGROSA A	CP LUCENSE A	CD LUGO B	EF POLVORÍN A	CP LUCENSE A
CP LUCENSE A	PIRINGALLA A	SD RESIDENCIA	CP LUCENSE	EF POLVORÍN A	SD RESIDENCIA	MILAGROSA A	EF POLVORÍN A	PIRINGALLA A	MILAGROSA A
EF POLVORÍN A	CD LUGO B	PIRINGALLA A	EF POLVORÍN A	PIRINGALLA A	CD LUGO B	SD RESIDENCIA	PIRINGALLA A	CD LUGO B	SD RESIDENCIA

CALENDARIO BENXAMÍN SEGUNDA PROVINCIAL GRUPO NORTE

XORNADA 1 13 OUTUBRO 2019		XORNADA 2 20 OUTUBRO 2019		XORNADA 3 27 OUTUBRO 2019		XORNADA 4 3 NOVEMBRO 2019		XORNADA 5 10 NOVEMBRO 2019	
AD RÍO OURO	VILLALBÉS B	VILLALBÉS B	VILLALBÉS C	VILLALBÉS B	SD RIBADEO B	VILLALBÉS C	SD RIBADEO A	SD RIBADEO B	SD VIVEIRO B
SD BURELA B	SD RIBADEO B	SD RIBADEO B	AD RÍO OURO	AD RÍO OURO	SD VIVEIRO B	SD VIVEIRO B	VILLALBÉS B	VILLALBÉS B	SD BURELA B
VILLALBÉS C	SD VIVEIRO B	SD VIVEIRO B	SD BURELA B	VILLALBÉS C	SD BURELA B	SD BURELA B	AD RÍO OURO	AD RÍO OURO	VILLALBÉS C

XORNADA 6 17 NOVEMBRO 2019		XORNADA 7 24 NOVEMBRO 2019		XORNADA 8 1 DECEMBRO 2019		XORNADA 9 15 DECEMBRO 2019		XORNADA 10 22 DECEMBRO 2019	
VILLALBÉS B	AD RÍO OURO	VILLALBÉS C	VILLALBÉS B	SD RIBADEO B	VILLALBÉS B	SD RIBADEO B	VILLALBÉS C	SD VIVEIRO B	SD RIBADEO B
SD RIBADEO B	SD BURELA B	AD RÍO OURO	SD RIBADEO B	SD VIVEIRO B	AD RÍO OURO	VILLALBÉS B	SD VIVEIRO B	SD BURELA B	VILLALBÉS B
SD VIVEIRO B	VILLALBÉS C	SD BURELA B	SD VIVEIRO B	SD BURELA B	VILLALBÉS C	AD RÍO OURO	SD BURELA B	VILLALBÉS C	AD RÍO OURO

CALENDARIO BENXAMÍN SEGUNDA PROVINCIAL GRUPO SUR A

XORNADA 1 20 OUTUBRO 2019		XORNADA 2 27 OUTUBRO 2019		XORNADA 3 10 NOVEMBRO 2019		XORNADA 4 17 NOVEMBRO 2019		XORNADA 5 24 NOVEMBRO 2019		XORNADA 6 1 DECEMBRO 2019		XORNADA 7 15 DECEMBRO 2019	
PIRINGALLA D	COMERCIAL	COMERCIAL	GUITIRIZ SD	COMERCIAL	CD CORGO	CD CORGO	GUITIRIZ SD	CD CORGO	FONSAGRADA	GUITIRIZ SD	FONSAGRADA	FONSAGRADA	LUCENSE B
AT. ABUÍN	CD CORGO	CD CORGO	PIRINGALLA D	PIRINGALLA D	FONSAGRADA	FONSAGRADA	COMERCIAL	COMERCIAL	LUCENSE B	LUCENSE B	CD CORGO	CD CORGO	SAGRADO B
SAGRADO B	FONSAGRADA	FONSAGRADA	AT. ABUÍN	AT. ABUÍN	LUCENSE B	LUCENSE B	PIRINGALLA D	PIRINGALLA D	SAGRADO B	SAGRADO B	COMERCIAL	COMERCIAL	AT. ABUÍN
GUITIRIZ	LUCENSE B	LUCENSE B	SAGRADO B	GUITIRIZ SD	SAGRADO B	SAGRADO B	AT. ABUÍN	GUITIRIZ SD	AT. ABUÍN	AT. ABUÍN	PIRINGALLA D	PIRINGALLA D	GUITIRIZ SD

CALENDARIO BENXAMÍN SEGUNDA PROVINCIAL GRUPO SUR B

XORNADA 1 20 OUTUBRO 2019		XORNADA 2 27 OUTUBRO 2019		XORNADA 3 10 NOVEMBRO 2019		XORNADA 4 17 NOVEMBRO 2019		XORNADA 5 24 NOVEMBRO 2019		XORNADA 6 1 DECEMBRO 2019		XORNADA 7 15 DECEMBRO 2019	
SD ANTAS	SAGRADO A	SAGRADO A	RIBEIRA FS	SAGRADO A	PIRINGALLA B	PIRINGALLA B	RIBEIRA FS	PIRINGALLA B	FERROVIARIA B	RIBEIRA FS	FERROVIARIA B	FERROVIARIA B	MONTERROSO
PALAS CD	PIRINGALLA B	PIRINGALLA B	SD ANTAS	AS ANTAS	FERROVIARIA B	FERROVIARIA B	SAGRADO A	SAGRADO A	MONTERROSO	MONTERROSO	PIRINGALLA E	PIRINGALLA E	PIRINGALLA E
PIRINGALLA E	FERROVIARIA B	FERROVIARIA B	PALAS CD	PALAS CD	MONTERROSO	MONTERROSO	ANTAS	SD ANTAS	PIRINGALLA E	PIRINGALLA E	SAGRADO A	SAGRADO A	PALAS CD
